

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NIGRÁN****Recadación***EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO 2016.*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón de contribuíntes da TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO, correspondente ao exercicio 2016, porase ao dispor do público no Concello de Nigrán por espazo de UN MES, a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo os interesados poderán examinalo e presentar, si procede, recurso de reposición perante o Alcalde-Presidente deste Concello.

O prazo para presentar o recurso de reposición, no seu caso, será de UN MES, a contar dende o día seguinte ao de remate do período de exposición.

O período voluntario de cobranza desta Taxa, será dende o 25 de outubro de 2016 ao 27 de decembro de 2016, ámbalas dúas datas incluídas. O vencemento deste prazo sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a repercusión do recargo correspondente e demais conceptos esixibles.

Nigrán, 11 de outubro de 2016.—O Alcalde, Juan Antonio González Pérez.

